



descarga as nosas rutas en
descarga nuestras rutas en
download our routes in
Wikiloc 



PR-G 158 Ruta da Costa da Morte


Actividade recomendada	Outras actividades	Tipo	Distancia	Desnivel	Dificultade	Época recomendada
Actividad recomendada Recommende activity	Otras actividades Other activities	Tipo Type	Distancia Distance	Desnivel Height difference	Dificultad Difficult	Época recomendada Recommend season
 senderismo senderismo trekking	 running  BTT		 24,3 km	 409 m		Todo o ano Todo el año All year round



O PR-G 158 é un percorrido homologado circular que ten como punto de inicio e final o Castelo do Soberano. Cunha lonxitude total de 21,8 Km, transcorre bordeando a costa na súa primeira metade e realiza a volta polo interior. Na primeira metade do percorrido pasaremos por praias, enseadas e cantís contemplando a bravura do océano. A segunda discorre pola montaña, dende onde gozaremos da serenidade das vistas da Ría de Camariñas. O repertorio de vistas panorámicas é constante; a só 2 km do inicio, tomando a derivación á ermida da Virxe do Monte, temos a primeira: a Ría de Camariñas e o Cabo Vilán. Poderemos contemplar a pintoresca contorna do cabo dende diferentes perspectivas durante varios quilómetros. A partir do Cemiterio dos Ingleses, onde descansan os náufragos do buque británico Serpent, o sendeiro pasa da costa ao interior. Nesta parte do percorrido chamán a atención as singulares formacións rochosas nas que descubriremos curiosas semellanzas. Na parte máis elevada da ruta, o miradoiro do Monte das Seixas, veremos con só volver a cabeza unha magnífica estampa da desembocadura do río Grande, da Ría de Camariñas e do Cabo Vilán. Chegando a Camariñas atravesaremos terras cultivadas e pequenas aldeas nas que destacan os particulares hórreos desta zona.

El PR-G 158 es un recorrido homologado circular que tiene como punto de inicio y final el Castillo de O Soberano. Con una longitud total de 21,8 Km, transcurre bordeando la costa en su primera mitad, y realiza la vuelta por el interior. En la primera mitad del recorrido pasaremos por playas, ensenadas y acantilados contemplando la bravura del océano. La segunda discurre por la montaña y disfrutaremos de la serenidad de las vistas de la Ría de Camariñas. El repertorio de vistas panorámicas es constante, a sólo 2 km del inicio, tomando la derivación a la ermita da Virxe do Monte, tenemos la primera: la Ría de Camariñas y el Cabo Vilán. El pintoresco entorno del cabo podremos verlo desde diferentes perspectivas durante varios kilómetros. A partir del Cementerio de los Ingleses, donde descansan los náufragos del buque británico Serpent, el sendero pasa de la costa al interior. En esta parte del recorrido llama la atención las singulares formaciones rocosas en las que encontraremos curiosas similitudes. En la parte más elevada de la ruta, desde el mirador de O Monte das Seixas, veremos, con un solo giro de cabeza, una magnífica estampa de la desembocadura del río Grande, de la Ría de Camariñas y del Cabo Vilán. Llegando a Camariñas atravesaremos tierras cultivadas y pequeñas aldeas en las que destacan los particulares hórreos de esta zona.

The PR-G 158 is an approved circular route that starts and ends at Castelo do Soberano (Sovereign's Castle). With a total length of 21.8 km, the first half runs along the coast, and the return trip runs inland. On the first half of the route we will walk along beaches, inlets and cliffs, contemplating the ferocity of the ocean. The second half runs through the mountains and we will enjoy the calming views of the Ría de Camariñas (Camariñas Estuary). There is a constant repertoire of panoramic views; just 2 km from the start, taking the turn-off to the Virxe do Monte hermitage, we can see the first one: the Ría de Camariñas and Cabo Vilán. The picturesque surroundings of the cape can be seen from different perspectives for several kilometres. From the Cementerio de los Ingleses (English Cemetery), where the castaways of the British ship HMS Serpent are buried, the path turns inland from the coast. On this part of the route, we can see striking rock formations in which we can find curious similarities. At the highest part of the route, from the O Monte das Seixas viewpoint, by simply turning our head we will get a magnificent view of the mouth of the river Grande, the Ría de Camariñas and Cabo Vilán. Arriving at Camariñas, we will cross cultivated land and small villages where we can see the eye-catching hórreos (raised granaries).



www.camarinas.net

<https://instagram.com/camarinas>
#camariñasexplora



Incendios Forestais 085
Emerxencias 112
Concello 981 736 000



PR-G 158 Ruta da Costa da Morte



GPS

